

A RESPONSABILIDADE SOCIAL CORPORATIVA

A **Responsabilidade Civil Corporativa (RSC)** tamén chamada **Responsabilidade Social Empresarial (RSE)** ofrece ás empresas a posibilidade de integrar as súas preocupacións sociais nas operacións co seu entorno, desde clientes e provedores a traballadores e accionistas. Así, introdúcense valores de mellora social e económica que favorecen a competitividade da empresa e promoven un desenvolvemento sostible.

Este tipo de iniciativas repercuten de modo favorable en todos os ámbitos da compañía, empezando pola súa contribución a dar un valor engadido á marca, que posiciona e diferencia dos seus competidores. A RSE é tamén unha excelente ferramenta de mercadotecnia que permite aumentar a facturación e fidelizar clientes.

A mellora da imaxe da empresa a través da RSE posibilita un maior nivel de implicación dos traballadores e traballadoras coa empresa. Estes incrementan a súa produtividade e participación, porque se senten máis motivados e con mellores perspectivas de desenvolvemento profesional. Do mesmo modo, a implementación de políticas desta índole axuda a diminuír o absentismo laboral e permite aflorar ó talento colectivo e reter o talento individual mediante a mellora do clima laboral.

As prácticas da RSE, por outra parte, gozan dunha alta visibilidade para a opinión pública, fortalecendo a valoración cidadá respecto á empresa. Isto axuda a xerar confianza entre o público obxectivo da compañía, o que pode repercutir positivamente no negocio.

Son numerosos os estudos que demostran que as compañías socialmente responsables conseguen mellores resultados financeiros.

En definitiva, ademais de fortalecer a súa imaxe de marca, as empresas cunha política de RSE conseguen un valor engadido que se converte nunha interesante ferramenta de competitividade empresarial.